

EXPLICACIÓN TRABALLO

Este traballo consiste en implementar unha actividade de dinamización, que ten como foco a promoción da actividade física na contorna próxima. Podedes desenvolver o voso traballo en torno a estas propostas:

- Organización dun torneo (recordade que vimos este tema no 3º trimestre de 1º BAC)
- Deporte en feminino e plural (poñendo o foco na visibilización e motivación da actividade física e deportiva no alumnado feminino do noso instituto. Recordade que vós [mesm@s](#) participáchedes o curso anterior neste programa, organizado [pol@s vos@s](#) compañeir@s de 2º BAC)
- Organizar un DANCE CHALLENGE, en recreos, por exemplo (tamén fixemos esta actividade o curso pasado: JERUSALEMA, recordade que [moit@s](#) de vós participáchedes)
- Outras propostas que podades facer e valoraremos a súa validez.

Nun principio, como vos expliquei ao comezo do trimestre (17-19 de xaneiro), a idea non era facer un traballo escrito, pero como ningún grupo presentou as súas propostas a tempo, quedamos sen días para a posta en práctica, polo que o proxecto que presentades agora por escrito debedes levalo á práctica no comezo do 3º trimestre.

GUIÓN DO TRABALLO

A petición de algúns/algunhas de vós, aínda que en 1º de BAC fixemos varios traballos de planificación, así que non debería ser necesario. E tampouco é necesario que sexa así estritamente.

- PROPOSTA ESCOLLIDA. Explicación-xustificación.
- Datas a realizar
- Grupo ao que vai dirixido, e participantes (a actividade non é obligatoria para eles/as, así que sería traballo voso a promoción e oferta atractiva para motivar á participación)
- Espacio físico
RECORDADE QUE INSISTÍN NA NECESIDADE DE CONSULTAR O CALENDARIO DE USO DOS ESPACIOS NOS RECREOS.
- Organización da actividade e reparto das tarefas dentro d@s que formades o grupo
- Material
- Descrición detallada

PENSADE EN TODO MOMENTO EN CLUBES, ASOCIACIÓNS, CONCELLOS, ETC. QUE ORGANIZAN ACTIVIDADES, COMO AS PROMOCIONAN, E TODAS AS CUESTIÓNS QUE DEBEN TER EN CONTA PARA QUE A ACTIVIDADE SEXA UN ÉXITO.

AVALIACIÓN

Por falta de tempo, neste trimestre non se pode avaliar a posta en práctica, así que valorarei só o proxecto, a planificación. Queda para o comezo do 3º trimestre a avaliación do produto final.

Teráse en conta, por tanto:

- PRESENTACIÓN COIDADA
- CONCORDANCIA DE CALENDARIO-GRUPOS-ESPACIOS
- POSIBILIDADE REAL DE IMPLEMENTACIÓN DA PROPOSTA
- ORIXINALIDADE
- EXPLICACIÓN DETALLADA E COMPRENSIBLE
- DOCUMENTOS ANEXOS CON TODO O NECESARIO (listado de [inscrit@s](#), sistemas de competición, actas, etc. no caso de torneos, descarga de audios e videos no caso de coreografías, cartelería de anuncio da actividade, esquemas gráficos de disposición espacial, de exercicios a realizar, se fora o caso, etc, etc,...

Na anterior relación van incluídas posibles accións das diferentes propostas, e algunha das escollidas pode non ter todas. Pero xa que me pediron que explicara detalladamente, pois aí vos queda.